

REVISTA MENSUAL DE INFORMACIÓN PARA O DEBATE

NÚMERO 89 Outubro 2004. 3,5€

TEMPOS

NOVOS

ENCE tensiona Pontevedra

AS TRAMPAS DO PAPEL TISÚ

Investigación

**GEORGIA PACIFIC CORPORATION
UN XIGANTE ENFERMO**

Crónica política

O PAÍS ARROUTA A FRAGA

X.L. Barreiro Rivas

A debate en Europa
**A eutanasia e
o valor da vida**

Ramón Sampedro
**AMOR E MORTE
EN GALICIA**



Do discípulo ao mestre

MEMORIA CON MANUEL MARÍA

TEXTO

Darío Xohan Cabana

Morreu Manuel María, e agora eu non sei falar del como poeta, como o gran poeta que encheu medio século da nosa literatura cunha obra multiforme na que brillan algunas das más verdes esmeral-

das da lírica galega. Unha obra de vontade totalitaria, a obra dun home que quixo aprexiar totalmente o tempo e o país, non xa a persoa que os vivía, e así prodigou sen medida os lóstregos do seu xenio en breves e magníficos relatos, en centos de artigos variadísimos, en obras de teatro que van desde o xogo máis aéreo á concepción máis épica dos dramas nacionais, e sobre todo en milleiros de versos que abranguen desde a chousa más íntima ó canto multitudinario. Manuel María foi non un poeta, non un escritor: foi unha literatura. E se non hai novelas que completen o cadro, é porque o Manuel non gustaba delas, non entraban na súa concepción do mundo e da literatura, e nin sequera lía moitas, agás que fosen dos seus amigos, ós que ás veces lles reprochaba que perdesen o tempo escribíndoas. A min reprochoumo algunha vez.

Pero outros falarán do Manuel escritor, do poeta nacional que puxo na súa obra as mil angustias e os mil gozos dun home de amplos horizontes que á fin sempre volvía ós espazos nutritiosos do seu sangue, a Outeiro de Rei, á Casa de Hortas, ó Campo de Santa Sabel, ás cen lagoas e regatos da Terra Chá nativa, ás cidades amadas de Lugo e Compostela, ó Monforte de tantas ledicias e tantos sufrimentos, ás



Foto: Maribel Longueira

vilas e ás aldeas percorridas cos amigos, nas que coñecía cada casa e cada xente. Á xente que el amaba. Manuel sentía pola xente, polas persoas únicas e irrepetibles, un amor irremediable, unha curiosidade inesgotable, unha comprensión absoluta que nacía de velas non só como eran, senón como soñaban ser, e mais dunha bondade natural que nel non tiña case mérito, pois non podía ser doutra maneira.

Manuel sentía pola xente, polas persoas únicas e irrepetibles, un amor irremediable, unha curiosidade inesgotable, unha comprensión absoluta

Eu quero dicir que aló polo 67 ou principios do 68 vin o Manuel pola primeira vez na biblioteca do instituto de Lugo onde eu estudaba. Presentoumo de paso Alonso Montero, e todo quedou niso, sen máis conversación ca unhas palabras amables dun poeta consagrado a un rapaciño de quince anos que andaba tateando os seus primeiros versos. Tal foi, con outras palabras, o que de min lle dixo o meu profesor, e



Arquivo ANT

eu púxeme nervioso de máis para enfiar algo con xeito. Manuel aínda non gastaba barba, senón aquel mesto bigote que o facía andar algo cangado cara adiante, segundo eu sabía xa por un poema seu: «un toxal vello, / un paralóstregos, / un colleondas de luz / para inspirarme, / unha carqueixa, / un lugar moi seguro / pra que o cuco poida / cucar na Primaveira». Víña nos *Documentos personae*. Pouco podía imaxinar eu que dous anos despois aquel poeta que me impoñía tanto me había de encargar un limiar para a segunda edición daquel libriño que eu sabía case de memoria. Eu non tiña bigote, que aínda non me nacía, e tamén lle enveixaba ó mestre a súa fermosa «silveira en flor, / unha regalía / prós ollos das rapazas». Por iso devecía eu tamén, que me facían pouco caso.

Polo Nadal do ano 68 ingresei na UPG, e eu sospeitaba que Manuel María era da UPG. Eu desexaba mestre, mestre na poesía e mais na vida, mestre tamén, xaora, na política. Así que lle

escribín unha carta a Monforte, tratándoo así, de mestre, e aseñorándoo moito, e el contestoume a volta de correo convidándome á súa casa. Eu tiña dezaseis anos e medio, era coma quen di un pícaro, e o gran poeta, o home que xa publicara o *Terra Chá* e o *Mar Maior*, convidábame á súa casa coma un igual, coma un colega. Porque en canto chegou e lle chamei mestre de palabra, díxome que así non se falaba, e que ademais tiña que atuado. E xamais tolerou que me puxese en plan discípulo; se algúns consello daba, se algúna crítica facía ou se propoñía algúna corrección nun verso, era de igual a igual. Agás cando os consellos eran en materia de vida e non de literatura, que entón ás veces poñíase severo, a modo non de pai, mais si de irmán maior, e reprendía con dureza as loucuras de nenos que os seus amigos cometían. Ou polo menos, as que cometía eu.

O Manuel tiña unha colección de poesía, aquela *Val de Lemos* tan humilde e importante, e o primeiro que fixo, des-

Polo Nadal do ano 68 ingresei na UPG, e eu sospeitaba que Manuel María era da UPG. Eu desexaba mestre, na poesía e mais na vida, mestre tamén na política.

Escribinlle unha carta tratándoo así, de mestre, e aseñorándoo, e el contestoume a volta de correo convidándome á súa casa. Eu tiña dezaseis anos e medio, e o gran poeta, conviéndome á súa casa coma un igual



Rianxo, 1986. Homenaxe a Castelao Arquivo ANT

pois de ler os meus poemas, foi abrila para mí. Xa publicara nela dous libriños, un de Lois Diéguez e outro del, e andaban polo medio un de Neira Vilas e outro do Celso Emilio. Se mal non me recordo, o meu debía ser o terceiro e saír no 69, pero non foi posible. Titulábase *Home cara ó vento*, e a «consulta previa», enxeñosa invención léxica do ministerio de Fraga Iribarne para disimular a censura franquista, devolveuno inzado de raias de lapis vermello. Houbo que agardar un ano máis, mentres eu escribía *Home e terra*, que pasou mellor pola censura e foi o número 5 da colección. Cun prólogo do Lois Diéguez, que é máis vello ca mí, e daquela dun xeito significativo que o habilitaba de padriño.

E apareceu a Margarita Ledo. Eramos dunha idade, meses máis ou menos, e do meu Roás labrego ó seu Castro de Rei feiral vaise ben en bicicleta, como de feito teñido. Con ela foi con quen máis intimamente compartín a amizade e o maxisterio do Manuel María. E compartimos tamén un premio (ela o primeiro e eu o segundo) nuns xogos florais que o Manuel arranxou que convocase o concello de Monforte. Para recollelo, eu puxen unha paxarela do Manuel, que a Saleta me lazou ó redor do pescozo; a Margarita atopara un vestido negro moi elegantísimo nun baúl da súa casa, todo frufrú escufinido. O número 7 da *Val de Lemos* foi un libro da Margarita, *Parolar cun eu, cun intre, cun inseuto*, tan bo que aínda me asombra. Tamén no ano 70. Agora ben vexo que aquel ano foi, en moitos modos, o



Paula Bergantiños-Arquivo ANT

principio da miña vida. O Manuel e a Saleta acompañaronme a Vigo para presentar o *Home e terra*. Aqueles días o Ferrín estaba casualmente fóra da cadea, e alí me presentaron a el, se a memoria non falla. E alí estaba tamén Xosé María Álvarez Blázquez, con quen, un ano despois, empecei a traballar en Castrelos. Volvemos a Monforte, co corazón cheo de gozo pola consciencia vívida de sermos parte dunha pequena seita, unha fraternidade de patriotas antifranquistas que tendía as súas tenues redes por toda unha Galicia que eu empezaba a coñecer na súa extensión maravillosa.

Naqueles dous anos, 69 e 70, moitas foron as veces que estiven en Monforte, na casa do Manuel e da Saleta, naqueles fins de semana tan conversados e viaxados polos lugares de ó redor: Pantón, o Saviñao, a vila de Escairón, incluso Ourense, nos autos dos amigos deles. Andaban por alí o

Lois Diéguez, o pintor Xavier Pousa, a Margarita Ledo, o Alfonso Cumbraos, o Camilo Gómez Torres, o Luís Álvarez Pousa... Falábase de todo, e bebíase Amandi no Carrazúa. E despois era a Terra Chá, a casa de Hortas, con Antón e Xosé e a señora Pastora, matrona autoritaria. E Vilalba, aquela vila branca que agora se desgrazou tanto da súa antiga beleza pequenoburguesa e sosegada. En Vilalba, xaora, o Guedelliñas, o noso querido e ben lembrado Xosé Luís García Mato, e o Domingo Somoza, e o café de Roca e a librería da Carmiña. Amizades do Manuel que eu fixen miñas para sempre.

Pero os meus grandes amigos foron tres, os tres más vellos ca min: Ferrín, Xosé María Álvarez Blázquez, e Manuel María, que foi non só o primeiro, senón tamén o que me abriu as portas da amizade dos outros. Agora, transcorrida tanta vida, vexo que para min, fóra dos meus circundos familiares de sangue e

Iso, guieiro e mestre e referencia, foíno o Manuel para moitos más ó longo da súa vida fecunda e xenerosa. Foíno para poetas e escritores, pero foíno tamén para moitos más que intentaron e intentan seguir o seu exemplo

de elección, eles tres foron as persoas más importantes da miña vida. E o primeiro, o Manuel, o que nos anos da miña adolescencia foi meu guieiro e mestre, e que seguiu sendo sempre unha das referencias esenciais, un dos espellos en que me ollo. Iso, guieiro e mestre e referencia, foíno o Manuel para moitos más ó longo da súa vida fecunda e xenerosa. Foíno para poetas e escritores, pero foíno tamén para moitos más que intentaron e intentan seguir o seu exemplo: o exemplo non só dun gran poeta, senón dun home bo, xeneroso, xentil, fiel ó seu pobo e á súa lingua. Un home de aceiro e de veludo; porque aquel Manuel María tan suave tiña tamén un espiñazo de aceiro temperado, como algúns ben sabemos. Galicia é máis pequena desde o 8 de setembro. Non o veremos nunca máis. Certo é que fica a obra; pero iso pouco nos consola ós que tivemos a fortuna inmensa de sermos seus amigos.